

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A COMPAÑÍA DE TRANVÍAS DE LA CORUÑA SA PARA A INSERCIÓN DE PUBLICIDADE INSTITUCIONAL SOBRE A CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL 2019/20

En Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2019.

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Jesús Vázquez Almuiña**, conselleiro de Sanidade, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e no Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **D. José Ignacio Prada Vázquez** con DNIactuando en nome e representación da Compañía de Tranvías de la Coruña SA na súa condición de director e nas súas facultades contidas na

As partes intervenientes recoñécense capacidade xurídica para outorgar o presente convenio, e para iso,

EXPOÑEN

1. Que a Constitución no seu artigo 43 recoñece o dereito á protección da saúde.
2. Que o artigo 6 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece que as actuacións das administracións públicas orientaranse a, entre outras, a promoción da saúde, a promover o interese individual, familiar e social pola saúde mediante a axeitada

educación sanitaria da poboación e a garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estean orientadas á prevención de enfermidades e non só á súa curación.

3. A gripe continúa sendo unha enfermidade moi frecuente a nivel mundial, que se transmite moi facilmente e que, aínda que na maioría dos casos non deixa secuelas, pode ser grave e mortal, especialmente nalgúns grupos, tales como as persoas maiores, mulleres embarazadas e as persoas con certas condicións médicas crónicas. Por este motivo, anualmente dende 1991 a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, leva a cabo a campaña de vacinación antigripal, que nos seus inicios abarcaba as persoas de 65 ou máis anos e que dende o ano 2010 se ampliou a todas as persoas de 60 ou máis anos.

A particularidade da vacina da gripe radica en que se reformula cada ano debido á variación constante dos virus gripais, co obxectivo de que concorden os virus incluídos na vacina cos circulantes. A vacinación anual é necesaria, porque a resposta inmune do organismo diminúe no prazo dun ano e porque os virus da gripe cambian a miúdo, polo que as cepas específicas da vacina son revisadas cada ano pola Organización Mundial da Saúde e actualizadas segundo sexa necesario, para que exista maior probabilidade de concordancia cos virus circulantes.

4. Que o obxectivo primordial desta campaña é ofertar a vacinación a todas as persoas incluídas nos grupos de risco de forma totalmente gratuíta, co fin de acadar unhas coberturas axeitadas nesta poboación que reduzan a súa morbilidade e o impacto da enfermidade na comunidade, así como os custos socioeconómicos asociados ao seu padecemento. Por isto, a campaña vai dirixida fundamentalmente a protexer as persoas que teñen un maior risco de presentar complicacións e ás que poden transmitir a enfermidade a outras persoas de risco, así como ás persoas que pola súa ocupación proporcionan servizos esenciais na comunidade.

5. Que con esta campaña preténdese conseguir unha cobertura na poboación de 60 a 64 anos igual ou superior ao 35 % e na de 65 ou máis anos igual ou superior ao 65 %.

6. Que a empresa Compañía de Tranvías de la Coruña SA apoia a inserción de publicidade institucional sobre a campaña de vacinación antigripal 2019/2020 , facendo chegar deste xeito tanto ao conxunto dos seus viaxeiros esta campaña sanitaria e as bondades expostas no presente convenio.

A entidade quere aliñarse cos obxectivos da outra parte asinante expresados con anterioridade, e implicarse como axente colaborador na publicidade e difusión da campaña de vacinación antigripal 2019/20.

7. Conscientes da dita necesidade as partes intervenientes están interesadas en plasmar o seu compromiso de colaboración para acadar o obxectivo sinalado mediante a formalización deste convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto deste convenio é a inserción de publicidade institucional sobre a campaña de vacinación antigripal 2019/2020.

Segunda. *Natureza xurídica*

Este instrumento ten natureza de convenio de colaboración, quedando excluído da aplicación da lexislación da lexislación dos contratos administrativos, a tenor do disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Terceira. Compromisos *das partes*

a) A Consellería de Sanidade comprométese a achegar o material publicitario (93 carteis), de acordo co deseño e contido que elabore a propia consellería.

O devandito importe, que non superará os 3.000 € pagarase con cargo á aplicación orzamentaria 1202.413A.640.4 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade comprométese a manter á empresa Compañía de Tranvías de la Coruña SA indemne de calquera reclamación que realice unha terceira persoa en relación á infracción ou violación dos dereitos de explotación de propiedade intelectual sobre os carteis que se inseriren nos seus autobuses municipais.

b) A **Compañía de Tranvías de la Coruña SA** comprométese a instalar 93 carteis que deseñou a Consellería de Sanidade para a campaña de vacinación antigripal 2019/2020 durante o período do 18 de novembro ao 16 de decembro, así como a asumir os custos de colocación e retirada ao remate da campaña.

A dita publicidade institucional figurará nos devanditos autobuses. A publicidade acomodarse, en todo o seu contido e forma, ás disposicións vixentes no ámbito europeo, nacional, autonómico e municipal e á normativa específica da persoa titular do servizo do transporte público de viaxeiros/as.

Cuarta. *Propiedade intelectual*

A propiedade intelectual derivada das accións precisas para a materialización do obxecto deste convenio estará suxeita ás disposicións legais vixentes na materia, en concreto, o Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e os artigos 53 e seguintes da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible.

Quinta. *Vixencia*

Este convenio estará vixente dende o día da súa sinatura ata o 27 de decembro de 2019.

Sexta. *Resolución anticipada*

Serán causas de resolución deste convenio:

1. O común acordo das partes asinantes, que se plasmará por escrito.
2. A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
3. Incumprimento total o parcial das cláusulas e obrigas establecidas neste convenio por calquera das partes que non sexa emendado no prazo de trinta (30) días seguintes á recepción da notificación escrita da parte que aprecie o incumprimento, identificando o dito incumprimento e reclamando a súa emenda.
4. A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.

Sétima. *Confidencialidade*

De conformidade co que se establece no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e no Real decreto lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do Dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos, na Lei 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude deste convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalos para usos diferentes aos

previstos nel. Fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.

Estas obrigas subsistirán incluso despois de finalizar as relacións negociais entre as partes.

Oitava. Xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que poidan xurdir sobre a súa interpretación se resolverán de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Novena. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

E para que así conste, firman o presente convenio, por duplicado exemplar e en todas as súas páxinas, no lugar e data que figuran na cabeceira.

O conselleiro de Sanidade

Por Compañía de Tranvías de La Coruña SA

Asdo.: D. Jesús Vázquez Almuiña

Asdo.: D. José Ignacio Prada Vázquez

